



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 13/03/2010.

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Serafín Gudín Sabín.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e sete minutos do día trece de marzo de dous mil dez, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de xaneiro do prente ano dous mil dez. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNNS.

Dase conta da autorización pola Secretaría de Estado de Cooperación, dos investimentos que este Concello ten solicitado incluír no Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local creado polo Real Decreto Lexislativo 13/2009, do 26 de outubro, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local. Os investimentos aprobados veñen recollidos no seguinte cadro:



Inversións previstas - Proxectos	Importe sen impostos	Importe con impostos (16% de IVE)
Implantación do proxecto de código aberto EVOA	7.900	9.164
Adecuación e mellora no centro educativo CPI de San Sadurniño.	72.977,46	84.653,85
Adecuación e mellora de áreas para o depósito de residuos	69.977,84	80.792,65
Implantación de rede WIMAX par acceso á banda ampla	82.346,98	95.522,50
TOTAL	232.873,28	270.133

Dase conta igualmente dos gastos correntes autorizados para programas de actuación de natureza social, dos que se financiarán os gastos sociais correspondentes a tres postos de traballo da área de educación e cultura do Concello, segundo o seguinte resumo

Programa de actuación - Praza a financiar	Importe FEESL anualidade 2010
Conserxe de edificios escolares	18.826
Bibliotecaría	25.215
Animador socio-cultural	23.662
TOTAL	67.703

A Corporación queda enterada do contido deses acordos e do resto dos adoptados nas sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE MODIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO.

Dase conta da necesidade de actualizar o Inventario de Bens do Concello para incluír algúns bens adquiridos recentemente e rexistrar igualmente modificacións realizadas noutros bens municipais.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Os bens que corresponde dar de alta son os seguintes:

- O vehículo tractor equipado con cabrestante e desbrozadora polivalente marca Massey Ferguson, modelo 5465-4RM con bastidor nº T168087, adquirido polo prezo de 71.500 euros con data do 28 de novembro de 2008, coa colaboración económica da Consellería de Medio Rural.

-Un inmovible, a finca identificada cos seguintes datos: "Labradío al sitio conocido por "CONVENTO DA FRAGA". Tres ferrados o quince áreas veintisiete centiáreas. Linda: Norte, camino público; Sur, Eleuterio Rodríguez; Este, Eleuterio Rodríguez, y Oeste, herederos de Honorinda López."



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Título: o de herdanza da súa finada nai, D^a Carmen López Fernández, falecida en San Sadurniño o día 18/05/1967, segundo escritura privada de partición de herdanza outorgada polos irmáns Rico López en San Sadurniño, o día 20/12/1968.

Segundo recente medición efectuada por técnico competente, ten a superficie de catorce áreas e corenta e seis centiáreas, e os seus lindeiros actualizados son; Norte, herdeiros de Gumersindo Malvar Loureiro; Sur, Manuel Calvo Hermida; Este, vía pública e Oeste, Manuel Rivera Pico.

Dase conta igualmente dunha pequena modificación a introducir no camiño nº 83 dos incluídos no Inventario de Bens, no lugar de Colado, da parroquia de Santa Mariña do Monte, como consecuencia da desafectación realizada dunha parte do seu trazado, en expediente inicialmente aprobado polo Pleno no mes de novembro de 2009. Nese expediente indícase con detalle a parte do referido camiño que, xa desafectada, vai ser obxecto da referida modificación no Inventario.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda aprobar as referidas modificacións no Inventario de Bens do Concello.

CUARTO. ACORDOS SOBRE DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DUN CAMIÑO PÚBLICO.

Dase conta do expediente tramitado para a de desafectación dun tramo dunha vía pública municipal, sita no lugar de Colado, da parroquia de Santa Mariña do Monte, para a súa posterior permuta por un terreo privado e para posibilitar así o cambio de trazado desa vía pública, expediente iniciado a instancia dos propietarios dunha finca colindante á que perxudica o actual trazado, que pasa moi preto da súa vivenda. O Pleno deste Concello xa adoptou o acordo de aprobación inicial deste expediente, que foi exposto ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 250, do 24 de novembro de 2009, sen que durante o prazo legalmente establecido se presentase reclamación algunha. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello antes da adopción dese acordo de aprobación inicial.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda aprobar definitivamente a desafectación do uso público do tramo de camiño público de que se trata, identificado na documentación gráfica obrante no expediente, e ordear a conti nuación dos trámites necesarios para a efectiva realización da permuta solicitada coa brevidade posible.

QUINTO. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta pola concelleira da área de servizos sociais, Sra. Muiño, da necesidade de realziar dúas pequenas modificacións de detalle no texto do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar recentemente aprobado, debido ó requerimento realizado nese sentido pola Xunta. As correccións de que se trata son as seguintes:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Introducir, no artigo 14, ó final do apartado segundo, a frase “todos os días da semana (incluído domingos e festivos).”

- Suprimir, do anexo III, “contrato de prestación do servizo de axuda no fogar”, concretamente do apartado 15 das súas normas de funcionamento, a frase “Limpeza de lámpadas, teitos e paredes”.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda aprobar as referidas modificacións no Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar, ordeando a realización dos trámites necesarios para a súa posta en vigor coa brevidade posible.

SEXTO. APROBACIÓN DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMEROS 01/2010 E 02/2010.

Dase conta polo concelleiro de facenda, Sr. Soto, da necesidade de xerar crédito no presuposto do presente exercicio 2010, xa aprobado definitivamente, para encaixar os investimentos derivados da participación deste Concello no Fondo Estatal polo Emprego e a Sustentabilidade Local, aprobado por Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, e do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos n.º 01/2010, coa modalidade de xeneración de créditos, no que consta o informe favorable do Secretario-Interventor.

Dase conta tamén polo Sr. Soto da necesidade de realizar outra modificación de crédito, a número 02/2010, baixo a forma de suplemento de crédito financiado mediante baixas de créditos noutras partidas, para incrementar a dotación do artigo 78, área de gasto 4, adicado ás axudas á autoconstrucción en zonas sen servizos municipais, na cantidade de 5.000 euros, procedentes da baixa da mesma cantidade no capítulo 1 de gasto, no que existe consignación suficiente.

Os expedientes de que se trata non foron dictaminados pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, decláranse urxentes en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, antes de iniciarse o debate sobre os mesmos.

En relación co contido da modificación número 02/2010, o Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que se é preciso incrementar a dotación do artigo 78, que se faga, pero que o seu grupo é contrario a esta medida de rebaixa impositiva, que consideran dubidosamente legal e pouco xusta, por non tomar en consideración o nivel de renda dos beneficiarios e por ignorar o



feito de que quen constrúe en zona urbana ten que soportar o custe de prestación dos servizos de abastecemento de auga e alcantarillado.

O Sr. Márquez, que toma a palabra de seguido, di que a medida lle parece axeitada e positiva, xa que o considera un xeito de potenciar a autopromoción.

O Sr. Soto interven novamente para dicir que non se trata de rebaixa algunha, senon dunha liña de subvencións, unha medida de fomento para que cada un resolva o problema da prestación de servizos básicos, polo que se considera absolutamente legal. O Sr. Alcalde engade que se deben gardar as formas e non poñer en dúbida a legalidade dos acordos, controlada polo funcionario municipal que ten legalmente atribuída esa competencia, xa que se trata dunha cuestión política importante, na que caben desde logo tódalas opinións.

O Sr. Bedoya fala novamente para lembrar que xa pedira un informe xurídico sobre este asunto, e compara o asunto co da gratuidade dos libros de texto ou coa axuda de 400 euros agora suprimida, manifestando que non cre que ninguén constrúa polo estímulo que supón esta medida, que non existe noutros concellos.

Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda aprobar os expedientes de modificación de créditos números 01/2010 e 02/2010, do Presupuesto do 2010, nas modalidades de xeración de crédito, e de suplemento de crédito financiado mediante baixas de créditos noutras partidas, respectivamente, de acordo co seguinte detalle:

Expediente 01/2010:

Altas en Partidas de Ingresos/Artigo 43.1.a), b) e c) do Real Decreto 500/1990

Partida	Descrición	Euros
Económica: 72	Transferencias de capital da administración do Estado	270.133
	TOTAL INGRESOS	270.133

Altas en Partidas de Gastos

Partida	Descrición	Euros
Área de gasto: 4 Económica: 60	Investimentos a realizar con cargo á asignación establecida no RD-L 9/2008	270.133
	TOTAL GASTOS	270.133

Expediente 02/2010:

Suplementos en Partidas de Gastos

Partida	Descrición	Euros
Económica: 78 Área de gasto 4	Transferencias de capital a familias e entidades sen ánimo de lucro	5.000
	TOTAL INGRESOS	5.000

Bajas en Partidas de Gastos

Partida	Descrición	Euros
----------------	-------------------	--------------



Económica: 13 Área de gasto 9	Persoal Laboral	5.000
	TOTAL GASTOS	5.000

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda aprobar inicialmente os dous expedientes de modificación de créditos de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aprobación definitiva coa brevidade posible.

SÉTIMO. ACORDOS RELATIVOS Á ADHESIÓN Ó MANIFESTO “GALICIA TEN DEREITO”..

Dase conta polo Sr. Soto do contido da moción de que se trata, que xa suscitou adhesións de diversas forzas políticas, que seguidamente le e que literalmente di:

“Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.

Frente a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioritario o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei Galega de Caixas.

O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma de Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía productiva do país.

A resposta do goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idonea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.

Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.

Conscentes da gravidade da situación, manifestamos:

1.- Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.

2.- Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego. Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coa basca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencial vixente, teñen capacidade para



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído para defender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.

3.- Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegitude das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.

Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e perto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que este aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.

Galiza debe defender o seu. Ten dereito.”

O asunto de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Bedoya di que o texto xa foi acordado no Parlamento de Galicia, polo que recibirá o apoio do seu grupo.

O Sr. Márquez, que toma a palabra de seguido, di que non lle parece que teña moito sentido debatir este asunto neste ámbito, que corresponde ó Parlamento, e que o que si considera preciso é que se atope un consenso entre os grupos políticos, xa que noutro caso será difícil unha solución favorable. Pronúnciase en consecuencia por un acordo unánime, legal e beneficioso para Galicia, aínda que repipte que este debate lle ven grande, polo que manifesta a súa intención de absterse na votación.

O Sr. Alcalde interven para explicar que as caixas, distintas do resto de entidades bancarias, naceron vencelladas aos Concellos e que prescindindo de cuestións técnicas, o manifesto fala de respecto ás decisións dos representantes electos do pobo galego a ás súas leis. Di tamén que o recurso ó Tribunal Constitucional non se pode utilizar para eliminar a autonomía de Galicia e que nesa liña se pronuncia este manifesto, apoiado pola maioría dos galegos, incluíndo sindicatos e patronal, organizacións e institucións de toda clase, agás unha pequena parte do PSOE de Vigo, e remta instando ó PP a plantar cara ás decisións de Madrid cando convén ós intereses de Galicia.

O Sr. Bedoya fala de seguido para dicir que niso está o executivo de Feijoo, pero que mellor será para o país un acordo que un enfrontamento, sempre que se respecte o contido fundamental da lei, para acadar a unión de ámbalas dúas caixas pensando nos galegos e non en posturas localistas.

Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por maioría de dez votos favorables, dos concelleiros do BNG e do PP,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

cunha abstención, do do PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación e apoio ó manifesto “Galicia ten dereito”.

URXENCIA. Antes de pasar ó oitavo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción de apoio á mobilización comarcal do día 27 de marzo a prol da reactivación do estaleiro de Fene.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, presentes todos na sesión, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN DE APOIO Á MOBILIZACIÓN COMARCAL DO DÍA 27 DE MARZO.

O Sr. Soto procede á lectura do texto da moción, que literalmente di:

“A Iniciativa Lexislativa Popular de fomento do sector naval galego, que promoveu na nosa comarca Rumbo21 e que foi tomada en consideración por unanimidade no Parlamento galego a fins de decembro de 2009, tiña o obxectivo de mover a preocupación da nosa cidadanía a respecto da agonía do que noutros tempos foi un dos estaleiros máis importantes de Europa e tiña tamén a finalidade de impulsar desde a Cámara galega unha iniciativa que favorecera unha acción de goberno da Xunta de Galicia e do Goberno do Estado a prol da reactivación do estaleiro de Fene como industria naval civil.

Coincidindo coa recollida de sinaturas e coa tramitación da ILP, en resposta a varias iniciativas parlamentarias, o presidente do Goberno español, adquiriu en tres ocasións o compromiso político perante o Pleno da Cámara de que desde a Presidencia da Unión Europea faría o traballo necesario para levantarlle o veto á antiga Astano.

Por outra parte, en maio do 2009, o Congreso dos Deputados aprobou a seguinte resolución: *“Apertura dun proceso negociador para revisar os acordos do ano 2004, que limitan até o ano 2015 a actividade produtiva do estaleiro de Fene a terefas auxiliares do estaleiro Navantia-Ferrol, coa finalidade de que o estaleiro de Fene poida desenvolver plenamente as súas actividades produtivas en todos os ámbitos da construción naval civil”.*

Transcurrido case medio mandato da Presidencia da Unión Europea, Rodríguez Zapatero non realizou aínda ningunha xestión para suprimir as limitacións que pesan sobre o estaleiro de Fene. E non só iso, senón que o ministro de Industria declarou en dúas ocasións



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

no Senado que o Goberno non decidiu aínda se pedirá á UE o fin do veto ao estaleiro de Fene e deixou ver, ademais, que o executivo español non tiña vontade de realizar ese traballo.

Esa é a razón pola que Rumbo21 tomou a iniciativa de impulsar unha gran mobilización comarcal o próximo sábado 27 de marzo, buscando a implicación do conxunto da sociedade e das diversas institucións, organizacións e asociacións que a representan.

Por todo o anterior, recollendo a preocupación das máis de 18.000 persoas que asinaron a ILP, Rumbo21 solicita que a Corporación Municipal de San Sadurniño adopte os seguintes acordos:

1.- Demandar do Presidente do Goberno do Estado que, aproveitando a Presidencia de turno da Unión Europea, e tal e como se tiña comprometido diante da Cámara, inicie xa as xestións políticas para o levantamento do veto á construción naval civil no estaleiro de Fene.

2.- Expresar o apoio da Corporación á mobilización comarcal que convoca Rumbo21 para o sábado 27 de marzo baixo o lema Pola creación de Emprego / Por un sector naval con futuro / Levantamento do veto XA!

3.- Facer un chamamento instucional á cidadanía para que participe na manifestación do día 27 de marzo.”

Manifestada polos Sres. Concelleiros a súa conformidade co exposto, sométese seguidamente o asunto a votación ordinaria na que a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación ó contido da moción de que se trata.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya toma a palabra para formular unha pregunta: cal foi a causa dunha avería na rede de abastecemento de auga ocorrida recentemente, e de que non se dese aviso ós usuarios antes de cortar a auga.

O Sr. Alcalde resposta que as obras para as que resultou necesario cortar a auga foron as de instalación dunha chave de paso no depósito, esixidas por sanidade nunha inspección e que xa se sabía que eran obras necesarias cando aínda gobernaba o PP, explicando que tense comprobado que o consumo é excesivo, polo que existe a posibilidade de que existan fugas no propio depósito, e que o corte na subministración estaba anunciado, aínda que foi necesario adiantalo un pouco.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e doce minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,